

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 7 DE XANEIRO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as dezanove horas e quince minutos do día sete de xaneiro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Lede Fernández, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 10 E 17 DE DECEMBRO DO 2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 10 e 17 de decembro do 2012.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 3 DE XANEIRO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.086.- A Isolina Germade Santos, con enderezo en Miranda, nº 34-Coiro, para no referido lugar, construír un muro de contención de 146,00 m²., e 38,31 m. de cerramento, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.401 e 1621.- A Carlos Bernárdez Cabanelas, con enderezo en rúa Benigno Soage, nº 29-4º-Cangas, para en rúa Benigno Soage, nº 29-baixo-Cangas, executar obras menores de pintado, apertura de ocos e carpintería exterior e interior, para comercio de accesorios de motocicletas, de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 24.404.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS A ESTRELA, con enderezo en Estrela, nº 9-Cangas, para no referida lugar, pintar o patio de luces, de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en blanco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

2.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 23.926.- A Avelino Otero Otero, con enderezo en Vilanova, nº 64-O Hío, para no referido lugar, construír un cerramento de 253,00 metros, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

EXPEDIENTE Nº 24.346.- A Luz Divina Guevara Vila, con enderezo en Rúa Mondariz, nº 8-4º esq.-Vigo, para en Nerga-O Hío, construír un cerramento de 25,95 metros de lonxitude e 0,70 m. de alto, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.B) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 13/12 PROMOVIDO POR PESQUERA VAQUEIRO, S.A., E OUTROS, PARA HOTEL EN IGREXARIO-O HÍO.

Á vista do expediente de rehabilitación de edificio para hotel no Igrexario-O Hío, promovido por "PESQUERA VAQUEIRO, S.A., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 99-Cangas, e tendo en conta os informes emitidos ó respecto polo arquitecto municipal e xefa do Servizo de Urbanismo, de datas 19 de novembro do 2012 e 7 de xaneiro do 2013, a Xunta de Goberno Local acordou remitir o expediente 13/12 completo, tramitado á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, incluíndo os informes dos técnicos municipais e do órgano municipal que teña atribuída a competencia para outorgar a licenza de obra, de conformidade co disposto no art. 41.2 c) da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 2.1.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Achega propostas de resolución de aceptación das modificacións no Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), na quenda de dependencia de:

Expediente núm.: 36008/01/001003-PO/3044.

Expediente núm.: PO/16068-36008/01/000270.

Expediente núm.: 36008/01/000099-PO/16444."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

4º.- CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA PARA COMEDOR ESCOLAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 4.1.13, relativa a concesión de axudas económicas de emerxencia social, que di:

"Achega proposta de concesión de axudas económicas de emerxencia social para a cobertura dos gastos de comedor escolar curso 2012/2013 no CEIP da Rúa, solicitadas por:

- M. Jiménez Jiménez, con DNI nº 71.502.890, para as dúas fillas:

- N. Jiménez Jiménez.

- A. Jiménez Jiménez.

- M. R. Nogueira Bernárdez, con DNI nº 53.112.206-P, para os seus dous fillos:

- J. J. Mariño Nogueira.

- A. Mariño Nogueira."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.- DENEGACIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA PARA COMEDOR ESCOLAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 4.1.13, relativa a denegación de axudas económicas de emerxencia social, que di:

"Achega proposta de denegación de axudas económicas de emerxencia social para a cobertura dos gastos de comedor escolar curso 2012/2013 no CEIP da Rúa, solicitadas por:

- R. Imarhiagbe, con NIE X-03.606.194-R.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

6º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

6.A.1) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
-------------------	-----------------	--------------------------

GUILLERMO GUIMERÁNS GARCÍA DNI Nº 35.835.536-H	Avda. Xosé M ^a Castroviejo, nº 7-Coiro.	Avda. Xosé M ^a Castroviejo, nº 7-Coiro. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 769, concedido en X.G.L. de data 27.1.10 ó interesado. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
--	---	---

6.A.2) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/RECLAMACIÓN DE HORARIO DE PROHIBIDO APARCAR EN ZONA DO COLEXIO "CASA DA VIRXE".

Visto o informe emitido en data 26.11.12, referente a reclamación presentada por Inés Santomé Costa, con enderezo en Camiño da Garita, nº 3-1ºA-Coiro, na que demanda horario de prohibido aparcarse nas inmediacións do Colexio "Casa da Virxe", e que o referido informe di o seguinte:

"ASUNTO: PROBLEMAS POR DEFICIENTE SINALIZACIÓN VERTICAL.

Os axentes da Policía Local de Cangas, con número de identificación profesional, 052025 e P-38, por medio do presente, informan:

Con relación a escrito de INÉS SANTOMÉ COSTAS que se achega ó presente, sobre sinalización nas inmediacións do Colexio 'Casa da Virxe'-Rodeira, faise constar que xa no seu día se informou por axentes da policía que se veñen recibindo varias chamadas nas dependencias policiais para que se proceda a denunciar os vehículos que estacionan no Camiño Vello de Rodeira e que prexudican a entrada de vehículos á hora da entrada e saída do Colexio 'Casa da Virxe'.

Que trasladada a patrulla actuante o lugar pode comprobar que a sinalización vertical existente prohibe estacionar en horario escolar, pero non consta, nin se especifica cal é ese horario, creando un prexuízo para os condutores e para os policías actuantes que non poden determinar cal é o tramo horario prohibido.

Que para evitar este tipo de problemas deberíase modificar esta sinalización conforme cos seguintes exemplos:

'DÍAS DE ESCOLA

*DE 9,00 A 09:45 HORAS
 DE 12:30 A 15:30 HORAS
 DE 16:30 A 17:30 HORAS*

Exemplo correcto para o camiño vello de Rodeira."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/INSTALACIÓN DE TOLDO NA AVENIDA DE MÉNDEZ NÚÑEZ, Nº 29.

Visto o informe emitido en data 6.1.13 pola Policía Local, referente a instalación de toldo do comercio "MERCAROUA" na Avda. Méndez Núñez, nº 29, no que se indica que o referido toldo presenta desde o chan unha altura de 1,80 metros.

Visto, así mesmo, o indicado no apartado B.5) TOLDOS, das Normas Subsidiarias do Concello de Cangas, publicadas no BOP 12.12.94, no que se sinala que as partes penduradas dos toldos librarán un mínimo de 2,10 m2. sobre o plano transitable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11,, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Ordenar ó propietario do establecemento "MERCAROUA", Francisco Javier Rúa Gayo, con enderezo en Berducedo, nº 45-36.959-Moaña, para que a altura do toldo na súa parte pendurada sexa, como mínimo, de 2,10 m2., sobre a vía pública, tendo en conta, que en caso contrario, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a costa do obrigado.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertíndolle que en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, se acordará o correspondente expediente sancionador por infracción administrativa en materia de patrimonio municipal, por incumprimento do indicado nas Normas Subsidiarias Municipais do Concello de Cangas, referente a instalación de toldos na vía pública.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as dezanove horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.